

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2014 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Moaña.

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Moaña, instalacións portuarias situadas no termo municipal de Moaña, na provincia de Pontevedra, e adscritas ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia do día 17 de decembro de 2014, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Moaña, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria do 12.12.2014, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 17.12.2014, que dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Moaña e que o eleva e propón para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012, resolve:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Moaña (Pontevedra), na súa versión asinada en decembro de 2012 polos enxeñeiros de camiños, canles e portos Roberto Núñez de Arenas, como autor, Andrés Cervantes Refojos, como



xefe do Departamento de Planificación Portuaria, e por Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2014

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: 8easo4a1-77a7-r4m3-qwm7-snyh90ql0tk8

